

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 29 de setembro de 2005**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro xoves, día 29 de setembro de 2005, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Central-Actas**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/05, do 16 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.500 á nº 17.321, de 2005.
- 3.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo de deputado provincial de D. Manuel Noceda Lamela.
- 4.-Proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representante da Deputación na Fundación Privada Democracia e Goberno Local.

### **Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

- 5.-Aprobación do Plan experiencia piloto de depuración de augas residuais en pequenos núcleos 2005.
- 6.-Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do local do edificio “A Milagrosa” cunha superficie para desafectar de 455 m<sup>2</sup> para a súa cualificación como ben patrimonial e adxudicación da cesión de uso.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

- 7.-Aprobación da 2ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación.
- 8.-Aprobación da 3ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación.
- 9.-Aprobación do Plan de travesías 2005, 5ª fase.
- 10.-Aprobación do Plan de travesías 2005, 6ª fase.

### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

- 11.-Proposta de aprobación do desenvolvemento dos proxectos comunitarios EQUAL: “Muller XXI”, “Germina” e “Convive+”.

12.-Proposta de subvencións para o mantemento dos Servizos de Normalización Lingüística existentes nos concellos da provincia da Coruña.

**Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo**

13.-Ratificación da modificación en actuacións do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

14.-Concesión da subvención nominativa á Fundación “Terra de Trasancos” para as obras “Centro da 3ª Idade”.

**Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico**

15.-Proposta de aprobación do Proxecto Interreg IIIA “Vías Atlánticas”.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS



DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsase o Sr. Candela Castrillo.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/05, DO 16 DE SETEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/05, do 16 de setembro.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 16.500 Á Nº 17.321, DE 2005.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.500 á nº 17.321, de 2005.

### **3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL DE D. MANUEL NOCEDA LAMELA.**

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día.

#### **ACORDO**

Apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Presentada por escrito a renuncia ao seu cargo de deputado polo deputado provincial don Manuel Noceda Lamela, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento orgánico desta deputación e 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Polo tanto, PROPÓÑOLLE AO PLENO, despois da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don Manuel Noceda Lamela.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

#### **4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA E GOBERNO LOCAL.**

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día.

#### **ACORDO**

Apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Nomear ao presidente da Deputación, don Salvador Fernández Moreda, para que se integre como vogal en representación da Deputación Provincial da Coruña nos órganos de goberno da “Fundación Privada Democracia y Gobierno Local”.

#### **5.-APROBACIÓN DO PLAN EXPERIENCIA PILOTO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN PEQUENOS NÚCLEOS 2005.**

#### **INTERVENCIONS**

Sr.Torres Colomer

As miñas primeiras palabras son para lle agradecer ao Sr. Noceda Lamela o labor que fixo nesta Deputación durante este tempo que estivo, e desexarlle os mellores desexos no labor municipal alá no seu Concello de Carnota, e tamén aproveito para felicitar a todos os Migueis no día de hoxe, que están de santo. E entrando xa no tema da orde do día, dicir que imos votar a favor deste punto, e de todos os demais restantes, porque concretamente neste punto número 5 estamos de acordo, outros son de trámite,

outros son consecución de obras xa proxectadas no seu momento, polo tanto, teño que dicir que tanto o número cinco, como o restante dos puntos, o grupo provincial popular vai votar a favor. Moitas grazas.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar o plan EXPERIENCIA PILOTO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN PEQUENOS NÚCLEOS 2005, integrado polos proxectos que deseguido se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 444.726,33.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/441A/60199 e que son as que a continuación se detallan.

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
LOTE A			
0514000001.0	AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA AGLOMERACIÓN RURAL DE RIBADEUME	115.199,71
0514000002.0	PONTEDEUME	ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA AGLOMERACIÓN RURAL FORMADA POR CHAO DE OMBRE E RIOLONGO	73.170,42
TOTAL LOTE A			188.370,13
LOTE B			
0514000003.0	A LARACHA	ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DO NÚCLEO DE XERMAÑA	62.472,80
0514000004.0	OUTES	ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA AGLOMERACIÓN RURAL FORMADA POR CANDO DE ARRIBA E CANDO DE ABAIXO	98.559,03
0514000005.0	PORTO DO SON	ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DA AGLOMERACIÓN RURAL FORMADA POR TARRÍO E ORELLÁN	95.324,37
TOTAL LOTE B			256.356,20

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producen, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Facultar ao presidente desta Corporación para a execución do presente acordo e todas as actuacións necesarias para a súa posta en marcha e en especial para a sinatura dos respectivos convenios de colaboración cos concellos incluídos neste proxecto así como para a inclusión dos gastos de mantemento durante 2 anos, que se agregarán ao orzamento de contrata da obra para os efectos da súa contratación conxunta.”

**6.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO LOCAL DO EDIFICIO “A MILAGROSA” CUNHA SUPERFICIE PARA DESAFECTAR DE 455 M<sup>2</sup> PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO BEN PATRIMONIAL E ADXUDICACIÓN DA CESIÓN DE USO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día trinta de xuño de dous mil cinco:

1º Considerar aprobado definitivamente o expediente de desafectación parcial do edificio da “Milagrosa” cunha superficie de 455 m<sup>2</sup> quedando cualificada como ben patrimonial

2º.- Ceder o uso da dita superficie á entidade GRUPO DE MINUSVÁLIDOS DA CORUÑA (GRUMICO) de acordo co Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares que rexeu o devandito concurso, aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día trinta de xuño de dous mil cinco.”

**7.-APROBACIÓN DA 2ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a SEGUNDA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
SEGURIDADE VIARIA ENTRE O PK 4,000 AO 5,000 DA EP 3607 VALÓN A SAN XURXO (FERROL)	223.011,21	40.417,2
TOTAL	223.011,21	40.417,2

2.- Expor ao público os proxectos da SEGUNDA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 mediante o anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.



3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

### **8.- APROBACIÓN DA 3ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a TERCEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, quedando, xa que logo, modificado o acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 no que quedará incluído o presente proxecto. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva .

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0205 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA (AMES).	280.234,98	31.233,64
TOTAL	280.234,98	31.233,64

2.- Expor ao público os proxectos da TERCEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, dado que a intersección a nivel actual está situada nun cambio de rasante de reducida visibilidade e constitúe un cruzamento perigoso polas elevadas velocidades alcanzadas polos vehículos na EP 0205. O obxectivo desta actuación é mellorar a seguridade viaria na intersección mediante a construción dunha glorieta que canalice os movementos de xiro e obrigue a moderar a velocidade dos vehículos que transitan pola EP 0205, co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

#### **9.-APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 5ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2005 5ª FASE cun orzamento total do 993.354,11.- euros e que son as que a continuación se detallan:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO</b>
05.1130.0018.0	MODIFICADO Nº 1 DO ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO, SEGURIDADE VÍA E AFIRMADO DA EP 3002 DA MOURA A BENS (A CORUÑA)	993.354,11
TOTAL.....		993.354,11

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o proxecto ou a correspondente fase deste.

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se van incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 30-4-2004 (BOP 104/8-5-2004). “

## 10.-APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 6ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2005 6ªFASE cun orzamento total de 755.421,31.- euros e que son as que a continuación se detallan

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0019.0	MODIFICADO EP. 0807 TATIN A SAN ISIDRO POR MORUXO 1ª FASE (BERGONDO)	755.421,31
TOTAL.....		755.421,31

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se van incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 30-4-2004 (BOP 104/8-5-2004). “

## 11.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS COMUNITARIOS EQUAL: “MULLER XXI”, “GERMINA” E “CONVIVE+”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“De conformidade coa resolución do 18 de marzo de 2004 da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo publicada no **BOE nº 76 do 29/03/04**, pola que se convocan as axudas do Fondo Social Europeo correspondentes á iniciativa comunitaria EQUAL en España e vista a resolución de 17/11/04 relativa á aprobación do proxecto denominado MULLER XXI dentro da área temática 4.1. *“Conciliar a vida familiar e a vida profesional, así como reintegrar os homes e as mulleres que abandonaron o mercado de traballo, mediante o desenvolvemento de formas máis flexíbeis e efectivas de organización do traballo e servizos de apoio”*, resolucions da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo en España, con data do 17/11/2004 e 30/03/2004 polas que se aproban os proxectos Equal Germina e Convive + respectivamente,

E visto o Informe do Gabinete de Planificación e Control, conformado pola Intervención Xeral, Sección de Orzamentos e Estudos Económicos

## PROCEDE

**1.1º.** Aprobar o proxecto Muller XXI validando a composición da Agrupación de Desenvolvemento Rede XXI e da asociación transnacional SEED, apreciando que concorren causas xustificadas para realizar estas actuacións.

### DESCRICIÓN XERAL DO PROXECTO EQUAL MULLER XXI:

O obxectivo principal do proxecto é avanzar na conciliación da vida familiar e laboral, mediante a posta en marcha de medidas de sensibilización e apoio a esta, así como coa creación de servizos de proximidade no ámbito rural.

O proxecto estrutúrase mediante **sete accións** principais:

#### 1. PROSPECCIÓN E ANÁLISE

- 1.1 Análise do contorno de actuación e situación sociolaboral.
- 1.2 Análise da oferta de servizos e medidas de apoio á conciliación.
- 1.3 Estudo de viabilidade sobre servizos de transporte a persoas dependentes.
- 1.4 Catálogo de medidas de apoio á conciliación en empresas e administracións

#### 2. FORMACIÓN DE ESTRUTURAS E REDES LOCAIS DE CONCILIACIÓN

- 2.1 Creación de comisións locais de participación.
- 2.2 Formación de reforzo para mediadores locais de conciliación.
- 2.3 Formación en igualdade de oportunidades do persoal da AD.

#### 3. INSERCIÓN, FORMACIÓN E NOVAS OPORTUNIDADES

- 3.1 Formación en implantación e xestión de servizos de proximidade
- 3.2 Formación para o autoemprego e fomento do espírito emprendedor.
- 3.3 Camiños integrados de inserción
- 3.4 Creación de tres empresas piloto (servizo de comidas, lavandería e canguros)
- 3.5 Taller de iniciativas empresariais.
- 3.6 Medidas de apoio (bolsas, desprazamentos)
- 3.7 Asesoría técnica para a constitución de empresas

#### 4. MEDIDAS DE CONCILIACIÓN NO ÁMBITO EMPRESARIAL

- 4.1 Análise do tecido empresarial para a selección de empresas participantes en proxectos de conciliación
- 4.2 Mentorización: asesorar a empresas para a posta en marcha de proxectos en materia de conciliación
- 4.3 Liñas de apoio para fomentar medidas de conciliación

## 5. SENSIBILIZACIÓN

5.1 Campañas de sensibilización sobre a conciliación da vida familiar e laboral

5.2 Seminario: “A conciliación na provincia”

## 6. DIFUSIÓN

6.1 Portal web/ Plataforma

6.2 Boletín Muller XXI

6.3 Xornadas de encontro

6.4 Dossier de boas prácticas

6.5 Medidas de apoio á transferencia

## 7. SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN

7.1 Avaliación

7.2 Coordinación

7.3 Apoio ás accións transnacionais

Os resultados previstos son os seguintes:

Deseñar políticas laborais que promovan a igualdade de xénero e a conciliación da vida familiar e laboral como unha prioridade fundamental nas empresas.

Promover a participación dos distintos estamentos sociais a favor da conciliación e a igualdade a través da creación de Comisións locais de promoción e intercambio.

Deseñar dispositivos de apoio á conciliación adecuados ás necesidades da poboación.

Desenvolver servizos de apoio e asesoramento á aprendizaxe especificamente dirixidas ás mulleres.

Crear ferramentas metodolóxicas de apoio á implantación do principio de conciliación nas empresas.

Deseñar protocolos de actuación no marco das políticas de igualdade de oportunidades e a conciliación laboral e profesional que teñan unha proxección máis alá do período de vixencia do proxecto.

Crear mecanismos que contribúan á interiorización dos principios de igualdade entre a poboación moza.

Desenvolver campañas de sensibilización e medidas de promoción que contribúan a inculcar na sociedade a cultura da igualdade en todos os ámbitos da vida social, política, económica e laboral.

Os proxectos Equal son xestionadas por agrupacións de desenvolvemento, definidas pola Comisión Europea como “asociacións estratéxicas” que reúnen aos axentes apropiados dunha zona ou sector que teñan interese en cooperar para “desenvolver un enfoque integrado sobre problemas multidimensionais”. O Servizo de Planificación e Control, baixo a dirección política, inicia un proceso de selección dos compoñentes da Agrupación de Desenvolvemento, en función das actuacións que se pretenden

desenvolver e da experiencia acreditada por cada entidade. Tendo en conta as ditas premisas, en función das necesidades do proxecto e froito das diversas reunións mantidas cos socios, considérase de interese para o futuro proxecto a participación das seguintes entidades: Deputación Provincial da Coruña, Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias, Federación Provincial de Minusválidos, Caixa Galicia, Fundación Mulleres e Asociación Euroeume.

Equal difire doutros programas e iniciativas xa que ademais de integrar medidas de innovación a escala nacional mediante as súas Agrupacións de Desenvolvemento, require colaboración transnacional e intercambio de boas prácticas con outros proxectos Equal de Estados membros da Unión Europea.

A través dos sistemas de busca postos a disposición polos Servizos da Comisión Europea, o proxecto Equal Muller XXI promovido pola Deputación asina un Acordo de Cooperación Transnacional con proxectos comunitarios cuxos obxectivos e programas de traballo presentaban similitudes con obxecto de poder realizar unha colaboración frutífera. Os proxectos seleccionados son os seguintes:

- Proxecto Equal “concertazione territoriale e sviluppo dell’economía sociale” (Italia)
- Proxecto Equal “mazurski fénix” (Polonia)
- Proxecto Equal “domus: day mother service”(Italia)

**1.2º Aprobar a distribución financeira do proxecto por entidade participante e cuxo detalle se describe deseguido:**

SOCIOS A.D.	EXECUCIÓN	FINANCIAMENTO	
		FSE	COFINANCIAMENTO
DEPUTACIÓN	906.486,00€	655.514,85€	250.971,15€
SLG	37.201,00€	27.900,75€	9.300,25€
UAAA	37.201,00€	27.900,75€	9.300,25€
FED.PROV.MINUS.	35.712,00€	26.784,00€	8.928,00€
CAIXA GALICIA	66.000,00€	49.500,00€	16.500,00€
SIGLO XXI	50.400,00€	37.800,00€	12.600,00€
FUND. MULLERES	125.000,00€	112.600,00€	12.400,00€
EUROEUME	38.000,00€	34.000,00€	4.000,00€
<b>TOTAL</b>	<b>1.296.000,00€</b>	<b>972.000,00€</b>	<b>324.000,00 €</b>

**1.3º Aprobar a participación da Deputación da Coruña que se concreta nas seguintes actividades:**

<b>ACCIÓN 1</b>	<b>ORZAMENTO</b>
Programa de traballo/ Formación da AD	15.000 €
Asociación transnacional	7.000 €
	<b>22.000 €</b>
<b>PROSPECCIÓN E ANÁLISE</b>	
Análise do contorno de actuación e situación sociolaboral.	32.500,00 €
Análise da Oferta de Servizos e Medidas de Apoio á Conciliación.	35.000,00 €
Estudo de viabilidade de servizos de transporte a persoas dependentes	1.288,00 €
Catálogo de medidas de apoio á conciliación en empresas e admóns.	9.300,00 €
	<b>78.088,00 €</b>
<b>FORMACIÓN DE ESTRUCTURAS E REDES LOCAIS DE CONCILIACIÓN.</b>	
Creación de Comisións Locais de Participación.	18.900,00 €
	<b>18.900,00 €</b>
<b>INSERCIÓN, FORMACIÓN E NOVAS OPORTUNIDADES</b>	
Formación en implantación e xestión de servizos de proximidade.	54.000,00 €
Camiños integrados de inserción laboral.	205.200,00 €
Creación de 3 empresas piloto (servizo de comidas, lavandería e canguros)	26.738,00 €
Medidas de apoio (bolsas, desprazamentos)	20.000,00 €
Asesoría técnica para a constitución de empresas.	24.000,00 €
	<b>329.938,00 €</b>
<b>MEDIDAS DE CONCILIACIÓN NO ÁMBITO EMPRESARIAL</b>	
Liñas de apoio para fomentar medidas de conciliación.	69.600,00 €
	<b>69.600,00 €</b>
<b>SENSIBILIZACIÓN</b>	
Campañas de sensibilización sobre a conciliación vida fam e prof.	22.800,00 €
Seminario "A conciliación na provincia"	6.500,00 €
	<b>29.300,00 €</b>
<b>DIFUSIÓN</b>	
Portal web	77.200,00 €
Boletín Muller XXI	45.500,00 €
Xornadas de encontro	24.000,00 €
Dosier de boas prácticas	30.000,00 €
Medidas de apoio á transferencia	30.000,00 €
	<b>206.700,00 €</b>
<b>SEGUIMIENTO, CONTROL E AVALIACIÓN</b>	
Avaliación	20.000,00 €
Coordinación	90.000,00 €
Apoio ás accións transnacionais	29.000,00 €
	<b>139.000,00 €</b>
<b>RESERVA ACCIÓN 1</b>	
	<b>12.960,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>906.486,00 €</b>

1.4º Aprobar o orzamento pormenorizado para a realización das actividades da Deputación que se detallan no seguinte cadro:

TIPO DE GASTO	DOTACIÓN	IMPUTACIÓN TEMPORAL		
		2005	2006	2007
Salarios persoal propio	230.214,00 €	46.042,80 €	104.513,72 €	79.657,48€
Seguridade Social persoal	109.786,00 €	21.957,20 €	49.841,21 €	37.987,59 €
Gastos diversos	60.736,00 €	12.187,32 €	29.475,89 €	19.072,8 €
Traballos realizados por empresas	461.400,00 €	183.418,70 €	195.506,00 €	82.475,29€
Transferencias correntes (*)	44.350,00 €	9.595,49 €	22.758,75 €	11.995,76 €
<b>IMPORTE TOTAL PROXECTO</b>	<b>906.486,00€</b>	<b>273.201,51 €</b>	<b>402.095,57 €</b>	<b>231.188,92 €</b>
<b>FONDOS PROPIOS</b>	<b>250.971,15€</b>	<b>92.650,00€</b>	<b>100.523,89€</b>	<b>57.797,23€</b>

(\*) *Exceptuar a porcentaxe de gastos plurianuais correspondentes ao concepto de transferencias correntes, de conformidade co establecido no art.174.5 do TRLFL aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.*

**1.5º** Os proxectos Equal réxense polo principio de capacitación, segundo o cal se priorizan as accións realizadas directamente polos socios. Por conseguinte, a Deputación pode apoiar o financiamento das actividades executadas por socios da Agrupación de Desenvolvemento. Con tal fin, someterase á consideración do Pleno a **formalización no presente exercicio dos correspondentes convenios nos que se concretarán as accións que se han desenvolver polo importe global de 24.350,00 €.**

**1.6º Aprobar a apertura dunha conta bancaria específica para a xestión do proxecto .**

**2.1º.- Aprobar a participación da Deputación da Coruña no proxecto Convive+:**

O Proxecto, denominado CONVIVE +, enmárcase dentro do Programa Equal, a Área 1 do Eixe 2, cuxo obxectivo é “Abrir o proceso de creación de empresas a todos e a todas, proporcionando os instrumentos necesarios para a creación de empresas e para a identificación e explotación de novas posibilidades para a creación de emprego en zonas urbanas e rurais”.

A Agrupación de Desenvolvemento deste proxecto está formada pola Consellaría de Emigración da Xunta, a Deputación da Coruña, Deputación de Pontevedra, Servizo Galego de Igualdade, Fundación Galicia Emigración, Cáritas Diocesana de Santiago, Federación de Asociacións Inmigrantes de Galicia, Federación Galega de Asociacións de Emigrantes Retornados, Universidade da Coruña, Fundación Universidade da Coruña, Caixa Galicia e Igape.

**2.2º** Aprobar o orzamento pormenorizado conforme ao seguinte cadro:



	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>TOTAL</b>
<b>DEPUTACIÓN</b>	1.520,00€	10.735,05€	12.219,80€	24.475,00€
<b>FSE (75%)</b>	4.560,00€	37.455,15€	36.659,40€	73.425,00€
<b>TOTAL</b>	6.080,00 €	42.940,20€	48.879,20€	97.900,00€

2.3º. A xestión asumida pola Deputación da Coruña no proxecto Convive+ será obxecto de convenio con entidade pública local como encomenda da xestión ou, se é o caso, de contratación externa.

### **3.1º.- Aprobar a participación da Deputación da Coruña no proxecto Germina :**

O proxecto Germina enmárcase dentro da Iniciativa Comunitaria EQUAL, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, encadrado dentro do eixe temático 2C (Promoción do espírito empresarial. Creación de empresas), dirixido ao sector agroalimentario e ten como ámbito de actuación tres Comunidades Autónomas eminentemente rurais, como son Asturias, Extremadura e Galicia.

O Acordo de Constitución da Agrupación de Desenvolvemento GERMINA integrado polas seguintes entidades: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA)* a través da *Dirección Gral. de Desarrollo Rural, Junta de Extremadura* a través da *Dirección General de Desarrollo e Infraestructuras Rurales*, Deputación Provincial da Coruña, Federación agroalimentaria de UXT (FTA-UXT), *Uniones Agrarias-UPA, Unión de Pequeños agricultores-Extremadura (UPA-EXTREMADURA), Unión de Campesinos asturianos-UPA ASTURIAS (UCA-UPA ASTURIAS)*, Asociación de *Mujeres Rurales AMURRA*, Asociación de Desenvolvemento Rural “ÓDEGA” e Asociación para a promoción e integración das mulleres galegas do rural "AGRA".

3.2º Aprobar o apoio ao financiamento do proxecto cun total de 35.435,39 €.

Para tal fin someterase á consideración do Pleno a sinatura dun Convenio entre os integrantes da Agrupación de Desenvolvemento Germina e a Deputación Provincial da Coruña no que se concretarán as accións que se han desenvolver.

3.3º.- Aprobar a participación directa da Deputación en reunións, comisións de transferencia e xornadas de difusión do proxecto conforme ao seguinte detalle orzamentario:

	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>TOTAL</b>
DEPUTACIÓN	338,59 €	301,67 €	324,35 €	964,61 €
FSE	1.015,74 €	905,02 €	973,07 €	2.893,83 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.354,33 €</b>	<b>1.206,69 €</b>	<b>1.297,42 €</b>	<b>3.858,44 €</b>

4.1.- Os acordos que anteceden condicionáanse á entrada en vigor das modificacións de crédito necesarias para a cobertura da dotación provincial.

4.2 .- Naqueles supostos en que resulte de aplicación o art. 174.5 do Texto refundido da lei de facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, o Pleno da Corporación aproba os límites de gastos plurianuais que se recollen nos textos anteriores.

5. Facultar ao presidente da Corporación para a execución do presente acordo.”

## **12.-PROPOSTA DE SUBVENCIONS PARA O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EXISTENTES NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobación da sinatura de convenios de colaboración cos concellos da provincia da Coruña que prestan na actualidade o Servizo de Normalización Lingüística, e o texto do convenio, segundo o contido do informe do citado servizo de Patrimonio e Contratación.”

## **13.-RATIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN EN ACTUACIÓNS DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“O Sr. presidente da Comisión dá conta da resolución da Presidencia da Corporación que aprobou a modificación das anualidades primeira e segunda do Plan de dinamización turística da Costa da Morte que literalmente di o seguinte:

“Aprobar a modificación das actuacións da primeira e segunda anualidade do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, aprobadas polo Pleno da Deputación, para adecuar as modificadas pola Comisión de Seguimento do convenio e adaptalas ao acordado da sesión do 7.09.2005, do seguinte modo:

1.-Mediante a imputación da cantidade total de 9.970,70 euros da primeira anualidade á segunda, correspondentes: primeiro aos 9.828,08 euros da dirección de obra do proxecto de “Adecuación do Faro de Fisterra”, e segundo aos 142,65 euros de execución da mesma obra que están pendentes de executar ao día do que andamos. Así mesmo, e en compensación do cambio citado apróbase a imputación á primeira anualidade do 55,39 % do proxecto “Sinalización integral”, o que supón 9.970,70 euros. “

A relación das actuación aprobadas no seu día e as modificadas quedarían establecidas nos seguintes termos:

ACTUACIÓNS 1ª AN.	INVESTIMENTO INICIAL	INVEDTIMENTO ACTUALIZADO
	(1)	(2)
Elaboración do manual corporativo	12.000,00	11.500,00
Formación empresarios. Plan de calidade	24.000,00	21.093,59
Deseño, subministración e instalación de sinalización informativa	15.000,00	14.446,00
Deseño, elaboración e mantemento da páxina web	50.000,00	48.000,00
Estudo e deseño de rutas de sendeirismo e cicloturismo	19.123,00	17.500,00
Estudo de demanda e perfil turístico	12.000,00	11.877,00
Ruta dos muíños		
Obras Pozo do Cachón	60.527,00	50.313,00
Museoloxía Pozo do Cachón	8.468,00	8.400,00
Equipamento Muros	56.005,00	51.450,00
Compra de casetas e amaños en oficinas de Turismo 78,86%	125.000,00	125.000,00
Museoloxía do Castelo de Vimianzo		
Proxecto	11.900,00	11.900,00
Obras e equipamento	263.100,00	257.405,00
Estudo sobre fins do mundo	19.500,00	19.500,00
Xerencia	31.533,00	31.533,00
Presentación	6.000,00	4.442,15
Centro de información Torres do Allo		
Fase I: Museoloxía	143.421,14	139.800,00
Mobiliario e equipamento	52.328,86	38.649,16
Museo dos naufraxios	11.900,00	11.900,00
Área de chegada ao Faro de Fisterra		
Proxecto	18.000,00	18.000,00
Obras	187.500,00	173.398,80
Sinalización integral 55,39%		9.970,70
Folletos	2.000,00	1.730,72
Forno do Forte (baixas actuacións 1ª an.)	0	51.496,88
<b>TOTAL</b>	<b>1.129.306,00</b>	<b>1.129.306,00</b>

2. As cantidades imputadas ao plan unha vez se aprobe a presente modificación mantense nos importes totais aprobados polo Pleno nas sesións nas que quedaron aprobadas a primeira e segunda anualidade e que son financiados con cargo á partida 0305/751A/629.99 cód.2003P0008.”

Analizada a resolución transcrita: acórdase ratificar a modificación das anualidades primeira e segunda do Plan de dinamización turística da Costa da Morte nos termos incorporados na resolución.”

#### **14.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN “TERRA DE TRASANCOS” PARA AS OBRAS “CENTRO DA 3ª IDADE”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a “Fundación Terra de Trasancos”, para financiar a construción do Fogar da Terceira Idade “Terra de Trasancos” en Vilacornelle, o Val, Narón; de acordo co proxecto técnico elaborado polos arquitectos Gerardo Elizechea Pazos e Juan Manuel Doce Porto. O orzamento do proxecto ascende a 1.010.188,69 € .

2.- A subvención concedida á Fundación Terra de Trasancos mediante o convenio, será financiada mediante a súa imputación á partida:

0305/560A/789.99	Sub. nomeada Fundación O Val	150.000,00 €
------------------	------------------------------	--------------

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN O VAL**

A Coruña, ..... de ..... de .....

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, na súa representación e en uso das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril (modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. D. .... na condición de ....., actuando en nome e representación da “Fundación Terra de Trasancos”, en virtude das competencias que se lle atribúen nos seus Estatutos.

As partes que interveñen recoñécense, reciprocamente, capacidade legal para subscribir o presente convenio e asumindo as obrigas e dereitos derivados del.

## EXPOÑEN:

I.-Que é interese das institucións comparecentes participar no importante reto ao que se enfronta a sociedade galega sobre a Atención á Terceira Idade. Todo isto require a adecuación dos medios necesarios que permitan atender de forma eficaz as crecentes necesidades da poboación.

II.-Que a Fundación Terra de Trasancos ten como finalidade a promoción e defensa dos intereses xerais e a promoción da atención de carácter social á poboación no ámbito da súa demarcación.

III.-Que a Deputación Provincial da Coruña, está especialmente interesada en colaborar na execución dun Centro para a Terceira Idade nunha zona da provincia como é a de Ferrolterra, para o que achega o financiamento disposto no presente convenio.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes;

## ESTIPULACIÓNS:

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto de presente convenio é establecer unha colaboración entre as partes asinantes para favorecer a atención á terceira idade a través da construción dun centro da terceira idade, “Fogar da Terceira Idade Terra de Trasancos” no lugar de Vilacornelle –O Val, Narón; de acordo co proxecto técnico elaborado polos arquitectos Gerardo Elizechea Pazos e Juan Manuel Doce Porto. O orzamento do proxecto ascende a 1.010.188,69 €.

### SEGUNDA.- ÁMBITO ESPACIAL

O ámbito de aplicación deste convenio será a demarcación da Fundación Terra de Trasancos.

### TERCEIRA.- ÁMBITO TEMPORAL

O presente convenio e as actuacións que contempla terán unha duración que comprenderá o período 2005-2006.

### CUARTA.- ACCIÓNS QUE SE HAN DESENVOLVER

Construción dun centro da terceira idade, Fogar da Terceira Idade “Terra de Trasancos” en Vilacornelle-O Val, Narón; de acordo co proxecto técnico elaborado polos arquitectos Gerardo Elizechea Pazos e Juan Manuel Doce Porto. O orzamento do proxecto ascende a 1.010.188,69 €.

## QUINTA.- OBRIGAS DAS PARTES

Para dar cumprimento ao preceptuado na estipulación primeira, a Fundación Terra de Trasancos comprométese a asumir as seguintes obrigas:

-Executar a obra, encargándose da convocatoria e adxudicación dela conforme á normativa de obrigado cumprimento, e máis concretamente ao estipulado no artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo tanto solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para prestar o servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.”

-Planificar e dirixir as obras da construción do centro.

-En cumprimento do establecido no artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Fundación Terra de Trasancos deberá destinar o ben a que vai referida a axuda da Deputación, é dicir, o edificio do Centro da Terceira Idade, co fin específico de atención das persoas da terceira idade, durante un período de tempo non inferior a dez anos contados desde que sexan recepcionadas as obras do edificio.

-Así mesmo, a Fundación Terra de Trasancos deberá facer constar esta afectación na inscrición rexistral do ben no Rexistro da Propiedade, así como o importe da subvención concedida pola Deputación.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos dispostos no capítulo II do título II desta lei, quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscribibles.”

Pola súa parte a Deputación Provincial da Coruña:

-Financiar a execución do proxecto nos termos establecidos na estipulación seguinte:

## SEXTA.- FINANCIAMENTO

Construción.

A Deputación Provincial da Coruña, comprométese a achegar unha axuda de 150.000 €, co obxecto de financiar o 14,85% do custo de construción na anualidade 2005, de acordo co seguinte cadro de financiamento:

Achega provincial	150.000,00 €
Orzamento total	1.010.188,69 €
Coefficiente de financiamento	14,85 %

A Fundación Terra de Trasancos pola súa parte, comprométese a buscar financiamento complementario ou a achegar a cantidade necesaria, para lograr a execución total deste centro.

## SÉTIMA.- FORMA DE PAGAMENTO

A Fundación Terra de Trasancos deberá achegar a seguinte documentación xustificativa dos gastos e ingresos nos que se teña incorrido para a realización obxecto do convenio.

- 1- Declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade que acrediten.
- 2- Memoria das actividades desenvolvidas acreditando o cumprimento dos fins e desenvolvemento das accións obxecto do convenio.
- 3- Certificación de obra, facturas e acordo de aprobación.

Os importes que se han aboar serán proporcionados ao coeficiente de financiamento previsto. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto, minorarase a achega da Deputación, mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ao orzamento establecido, a achega da Deputación non superará a cantidade máxima aprobada. En todo caso, a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas.

## OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

As atribucións da Comisión son as seguintes:

- Garantir o cumprimento do convenio.
- Interpretar o presente convenio durante a súa execución e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

#### NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia até o 30 de novembro do ano 2006 contando desde a súa sinatura.

#### DÉCIMA.- CAUSA DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por resolución, por conclusión ou polo seu cumprimento.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

En virtude do disposto no artigo 3.1 a) e d) Real decreto legislativo 2/200 do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, o presente convenio de colaboración queda fóra do ámbito de aplicación de dita normativa, regulándose polas normas contidas nel e no disposto nelas pola lexislación do réxime local vixente.

As cuestións litixiosas, que poidan derivarse del, dada a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O que en proba de conformidade asinan as partes no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **15.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO INTERREG IIIA “VÍAS ATLÁNTICAS”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

**"1.- Aprobar o proxecto VÍAS ATLÁNTICAS e as accións e obxectivos que comprende cuxo detalle é o seguinte, apreciando que concorren causas xustificadas para seleccionar estas actuacións:**

#### DESCRIPCIÓN XERAL DAS ACCIÓNS DO PROXECTO:

O proxecto VÍAS ATLÁNTICAS vai impulsar o desenvolvemento, comercialización e promoción dun novo itinerario turístico integrado que pretende recuperar o espírito transnacional e de unión dos dous territorios co que foron construídas as vías XIX e XX (“Per Loca Marítima”) do Itinerario de Antonino.



O obxectivo global do proxecto baséase na consecución dos seguintes puntos:

- § Promoción da actividade turística común asegurando a valorización das diversas vertentes do patrimonio (arqueolóxico, de natureza, cultura e historia).
- § Concepción dunha oferta conxunta do produto turístico con poder diferenciador, orientándoa aos mercados de orixe máis adecuadas.
- § Identificación do produto turístico común asentado sobre os valores ambientais e patrimoniais da zona, estimulando a súa utilización e goce de modo sostíbel.

Trátase, en suma, de valorizar un patrimonio histórico cultural e ambiental, evitando a súa degradación e potenciando, ao multiplicar o seu efecto, as actuacións de recuperación efectuadas polas distintas administracións, configurando un camiño xa de por si histórico baixo unha unidade temática atractiva e de alto valor educativo e ambiental.

A estruturación do proxecto por fases é a seguinte:

ACCIÓNS	ORZAMENTO
<b>FASE 1. XESTIÓN E COORDINACIÓN</b>	
1.1. Preparación do proxecto, reunións, informes/memorias; creación e mantemento dunha web interna. Seguimento, avaliación e xustificación de gastos	166.800€
1.2. Coordinación interna do proxecto	155.600€
<b>TOTAL</b>	<b>322.400€</b>
<b>FASE 2. CIENTÍFICA</b>	
2.1. Cursos	3.000€
2.2. Inventario e catalogación do patrimonio arqueolóxico; estudos; cartografía	32.400€
<b>TOTAL</b>	<b>35.400€</b>
<b>FASE 3. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN</b>	
3.1. Elaboración dunha web do camiño turístico-cultural	15.000€
3.2. Edición de folletos e guías, publicidade nos medios	262.200€
3.3. Exposición sobre as vías romanas da Gallaecia. Seminario. Musealización dunha vila romana. Cadernos escolares	86.620€
<b>TOTAL</b>	<b>363.820€</b>
<b>FASE 4. CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN</b>	
4.1. Limpeza, mantemento e sinalización. Reproducións de miliarios	644.680€
4.2. Traballos arqueolóxicos	304.340€
<b>TOTAL</b>	<b>949.020€</b>
<b>TOTAL PROXECTO</b>	<b>1.670.640€</b>

**2.- Aprobar a distribución financeira do proxecto, por entidade participante, cuxo detalle se describe deseguido:**

No seguinte cadro detállanse os importes totais de actuación para cada unha das entidades socias participantes. Todas as achegas compóñense dunha achega do 75% correspondente ao Fondo estrutural FEDER e do 25% correspondente a fondos propios.

<b>ENTIDADE PARTICIPANTE</b>	<b>Achega comunitaria FEDER (75%)</b>	<b>Achega entidade (25%)</b>	<b>TOTAL</b> (cantidades en euros)
Xefe de fila Deputación de Pontevedra	180.000	60.000	240.000
Socio 1 C.M.Braga	40.000	13.330	53.330
Socio 2 C.M.Vila Verde	70.000	23.330	93.330
Socio 3 M. Ponte da Lima	40.000	13.330	53.330
Socio 4 M.Paredes de Coura	70.000	23.330	93.330
Socio 5 M.Valença	70.000	23.330	93.330
Socio 6 INLUDES	150.000	50.000	200.000
Socio 7 Deputación da Coruña	270.000	90.000	360.000
Socio 8 Concello de Lugo	270.000	90.000	360.000
Socio 9 Universidade de Santiago de Compostela	50.000	16.660	66.660
Socio 10 Universidade do Minho	25.000	8.330	33.330
Socio 11 Consello S.I. Científicas.	18.000	6.000	24.000
<b>TOTAL PROXECTO</b>	<b>1.253.000</b>	<b>417.640</b>	<b>1.670.640</b>

**3.- Aprobar a concreción de accións por socio e o orzamento pormenorizado e descrición do réxime de execución previsto no proxecto financeiro das fichas de proxecto remitidas ao FEDER .**

**3.1. Accións e orzamento:**

Entre as obrigas do xefe de fila e socios do proxecto encóntranse:

Xefe de fila.- A Deputación de Pontevedra, en calidade de xefe de fila, comprométese a:

- § Responder, mentres que referente único de conformidade co resto dos socios, ás solicitudes de información ou de modificación que puidese requirir a autoridade de Xestión do programa,
- § Comunicar aos demais socios os resultados da instrución e as decisións adoptadas polo Comité ou Subcomité de Xestión competente,
- § Comunicarlle á autoridade de Xestión as decisións e modificacións adoptadas polo conxunto dos socios,
- § Velar pola posta en marcha e a execución do proxecto conforme ao exposto na ficha do proxecto, respectando os prazos previstos,
- § Informar á autoridade de Xestión da posta en marcha do proxecto,
- § Solicitar os pagamentos intermedios e final da axuda FEDER, trasferindo ao resto dos socios o máis axiña posíbel, a parte que lles corresponda en cada caso,
- § Garantir perante a autoridade de Xestión a dispoñibilidade dunha contabilidade separada para a operación cofinanciada,
- § Fornecer, á autoridade de Xestión, información periódica de avance físico, administrativo e financeiro, no formato que sexa necesario para a implementación do sistema de seguimento,
- § Conservar e ter dispoñíbel durante os tres anos seguintes ao pagamento do saldo relativo á intervención, todos os xustificantes (orixinais ou copias certificadas conformes) relativos aos gastos e aos controis correspondentes, en previsión de solicitudes por parte da Comisión, da autoridade de Xestión ou da autoridade de Pagamento, conforme ao artigo 38 epígrafe 6 do Regulamento 1260/99.

Socios do proxecto.- Os socios aceptan a coordinación técnica, administrativa e financeira do xefe de fila co fin de facilitar as súas obrigas perante as autoridades de Xestión e de Pagamento. Ademais comprométense a:

- § Contestar rapidamente ás solicitudes de información, así como facilitar os documentos necesarios para a instrución,
- § Comunicar a súa aceptación das decisións e eventuais modificacións que poida adoptar o Comité ou Subcomité de Xestión competente e que lle sexan comunicadas ao xefe de fila,

- § Executar as actividades que lles son asignadas na ficha de proxecto nos prazos propostos,
  - § Transmitirlle ao xefe de fila información periódica de avance físico, administrativo e financeiro de cara á alimentación do sistema de seguimento,
  - § Enviarlle ao xefe de fila as certificacións de gastos con vistas á solicitude dos pagamentos intermedios e final,
  - § Enviarlle ao xefe de fila a documentación correspondente á execución do proxecto,
- Facilitar a documentación necesaria para os controis de execución do proxecto e a certificación de gastos.

O orzamento asignado a cada un dos socios distribúese, conforme ao plan financeiro das fichas do proxecto remitidas ao FEDER, segundo o seguinte cadro:

<b>Socio</b>	<b>Acción</b>	<b>Orzamento € (100%)</b>
<b>Xefe de fila Deputación de Pontevedra</b>	1. Obras públicas	144.000€
	6. Gastos de persoal	24.000€
	7. Promoción e difusión	43.200€
	8. Gastos xerais	4.800€
	9. Outros	24.000€
	<b>Total</b>	<b>240.000€</b>
<b>Socio 1 C.M. de Braga</b>	1. Obras públicas	33.730€
	5. Gastos de persoal	5.300€
	7. Promoción e difusión	8.000€
	8. Gastos xerais	1.000€
	9. Outros	5.300€
	<b>Total</b>	<b>53.330€</b>
<b>Socio 2 C.M. Vila Verde</b>	1. Obras públicas	46.830€
	5. Gastos de persoal	9.300€
	7. Promoción e difusión	14.000€
	8. Gastos xerais	4.600€
	9. Outros	9.300€
	<b>Total</b>	<b>93.330€</b>
<b>Socio 3 M. Ponte da Lima</b>	1. Obras públicas	22.080€
	2. Adquisición materiais	7.950€
	4. Prestación de servizos	8.300€
	7. Promoción e difusión	9.000€
	8. Gastos xerais	700€
9. Outros	5.300€	
	<b>Total</b>	<b>53.330€</b>
<b>Socio 4 M. Paredes de Coura</b>	1. Obras públicas	42.830€
	4. Prestacións de servizos	23.900€
	7. Promoción e difusión	16.800€
	8. Gastos xerais	500€
	9. Outros	9.300€

	<b>Total</b>	93.330€
<b>Socio 5 M. de Valença</b>	1. Obras públicas 4. Prestacións de servizos 5. Gastos de persoal 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	46.830€ 9.300€ 9.300€ 16.800€ 1.800€ 9.300€
	<b>Total</b>	93.330€
<b>Socio 6 INLUDES</b>	1. Obras públicas 5. Gastos de persoal 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	126.000€ 20.000€ 30.000€ 4.000€ 20.000€
	<b>Total</b>	200.000€
<b>Socio 7 Deputación da Coruña</b>	1. Obras públicas 5. Gastos de persoal 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	216.000€ 36.000€ 64.800€ 7.200€ 36.000€
	<b>Total</b>	360.000€
<b>Socio 8 Concello de Lugo</b>	1. Obras públicas 3. Inversións materiais 5. Gastos de persoal 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	208.800€ 7.200€ 36.000€ 64.800€ 7.200€ 36.000€
	<b>Total</b>	360.000€
<b>Socio 9 Universidade Santiago de Compostela</b>	4. Prestacións servizos 5. Gastos de persoal 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	40.500€ 16.960€ 1.300€ 1.300€ 6.600€
	<b>Total</b>	66.660€
<b>Socio 10 Universidade do Minho</b>	3. Inversións materiais 4. Prestacións servizos 5. Gastos de persoal 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	4.600€ 15.200€ 2.430€ 1.600€ 6.200€ 3.300€
	<b>Total</b>	33.330€
<b>Socio 11 Consello Superior de I.C.</b>	2. Adquisición materiais 4. Prestacións de servizo 5. Gastos de persoal 6. Formación 7. Promoción e difusión 8. Gastos xerais 9. Outros	2.500€ 4.000€ 8.380€ 3.000€ 3.000€ 720€ 2.400€
	<b>Total</b>	24.000€
	<b>TOTAL.....</b>	<b>1.670.640</b>

### 3.2. Deputación Provincial da Coruña

Canto á Deputación da Coruña, a finalidade básica do presente proxecto sectorial é dar cumprimento aos tramos correspondentes das Vías Atlánticas dentro dos límites da actual provincia da Coruña.

O desenvolvemento dos traballos pode sintetizarse no cumprimento de tres obxectivos parciais:

- a) Identificación de todo resto, indicio e depósito de carácter viario. Aquí incluíriáanse desde os achados de epígrafes (certas inscricións votivas e sobre todo os miliarios) até os asentamentos viarios (lugares de descanso e postas – *mansio*, *mutatio* - e centros de comercio ou circulación de mercadorías).
- b) Trazados básicos e sinalización. Determinaríanse na medida dos posíbel dous trazados diferenciados: un interior, desde Padrón para Lugo; outro costeiro, desde a desembocadura do río Ulla, por Bergantiños e A Coruña. O seu percorrido pode ser intermitente cando non se consiga determinar o percorrido pero calquera corte sempre poderá ser retomado nun punto coherente e debidamente sinalizado.
- c) Difusión e divulgación. Ademais dos labores neste sentido previstos en común por todos os socios, a Deputación Provincial pode rendibilizar estes resultados con fins turísticas, informativas e docentes, por si mesma, e/ou a través dos municipios directamente afectados.

A modo de síntese, cabe citar as seguintes fases no proxecto:

- § Compilación de toda a documentación historiográfica textual como gráfica dos tramos provinciais das vías XIX e XX.
- § Localización, inventario –ficha- e situación dos miliarios e aras aos Lares Viais na cartografía base.
- § Análise das fontes documentais: itinerarios antigos, medievais e modernos; cartografía histórica; toponimia; camiños históricos e tradicionais (pontes, barcas de paso e vaos de ríos).
- § Catalogación dos depósitos romanos no percorrido viario ou no seu contorno. Características, tipoloxía, conservación e situación en cartografía base.
- § Prospección de campo, selectiva: a) miliarios, b) pasos de ríos (pontes, barcas, vaos) e c) depósitos romanos.
- § Demarcación dos tramos viarios identificados con seguridade, con certa probabilidade. Tamén situación en cartografía de base.
- § Completar datos e selección das rutas e depósitos destacábeis.
- § Reprodución e colocación de miliarios.
- § Sinalización dos tramos e acondicionamento de lugares.
- § Divulgación: publicación de trípticos ou folletos xerais das rutas e específicos de tramos ou depósitos asociados.

§ Memoria final.

Como socio do proxecto correspóndenlle as seguintes funcións, ademais das citadas anteriormente:

- § Aceptar o control dos servizos competentes e das administracións que cofinancien o proxecto, en todo o relativo á execución do proxecto e á utilización das subvencións concedidas.
- § Levar unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto, tanto para o financiamento FEDER como para as correspondentes contrapartidas.
- § Conservar copia de toda a documentación relativa á execución do proxecto.

O orzamento asignado á Deputación detállase na seguinte táboa:

<b>ACCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA</b>		
<b>1. Limpeza e sinalizacións</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>Réxime execución</b>
1.A. Obras públicas: sinalización	50.000€	Contratación externa
1.B. Obras públicas: limpeza (tramos viarios e depósitos)	54.000€	Contratación externa
1.C. Obras públicas: determinación de itinerarios	46.000€	Contratación externa
<b>TOTAL</b>	<b>150.000€</b>	
<b>2. Promoción e difusión</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>Réxime execución</b>
2. Adquisición de materiais: planimetría e fotografía aérea en soporte dixital, etc.	10.800€	Contratación externa
7.A. Promoción e difusión: publicación de guías e/ou trípticos, libro, etc.	30.000€	Contratación externa
7.B. Promoción e difusión: web provincial e webs municipais.	24.000€	Contratación externa
<b>TOTAL</b>	<b>64.800€</b>	
<b>3. Coordinación, xestión e seguimento</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>Réxime execución</b>
5. Gastos de persoal: dirección científica e coordinación técnica (2 arqueólogos).	36.000€	Persoal designado
7. Gastos xerais: dietas, viaxes, gastos financeiros, mensaxerías, etc.	7.200€	Pago a terceiros
8. Outros (gastos comúns de todos os socios): Coordinación e secretaría (rede de concellos), reunións, web común, etc.	36.000€	Pago a terceiras (Deputación Pontevedra)
<b>TOTAL</b>	<b>79.200€</b>	
<b>4. Estudos e/ou traballos arqueolóxicos</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>Réxime execución</b>
1.A. Obras públicas: reprodución de miliarios e aras votivas e colocación en vías.	32.000€	Contratación externa

1.B. Obras públicas: adecuación de dúas áreas interpretativas.	24.000€	Contratación externa
1.C. Materiais para a determinación de rutas	10.000€	Adquisición externa
<b>TOTAL</b>	<b>66.000€</b>	

4.- Aprobar o texto do Acordo entre socios do Proxecto ([Anexo I](#)).

5.- Aprobar o Acordo entre a Autoridade de Xestión e o Xefe de Fila ([Anexo II](#)).

6.- Condicionar os acordos que anteceden á entrada en vigor das modificacións de crédito necesarias para a cobertura da dotación provincial.

7.- Facultar ao presidente da Corporación para a execución do presente acordo" .



ANEXO I  
**ACORDO ENTRE SOCIOS**

**PARA REALIZAR O PROXECTO:**

”Proxecto para a valorización e conservación de recursos patrimoniais e naturais, e lugares de interese arqueolóxico, a través da promoción do camiño turístico-cultural das antigas Vías Romanas XIX e XX de España e Portugal”

**ACRÓNIMO: VÍAS ATLÁNTICAS**

D.Rafael Louzán Abal como presidente, representante legal da Deputación Provincial de Pontevedra, designada polo presente documento como xefe de Fila do proxecto,

Dr.Nuno Álvaro Freitas Barbosa de Alpoim como vicepresidente, representante legal da Cámara Municipal de Braga, como socio do proxecto,

Dr.José Manuel Ferreira Fernandes en calidade de presidente, representante legal da Cámara Municipal de Vila Verde, como socio do proxecto,

Dr. José Daniel Rosas C.Rocha como presidente, representante legal do Municipio de Ponte de Lima, como socio do proxecto,

Dr.Antonio Pereira Junior como presidente, representante legal do Municipio de Paredes de Coura, como socio do proxecto,

Dr.José Luis Serra Rodríguez como presidente, representante legal da Cámara Municipal de Valença, como socio do proxecto,

D.Francisco Cacharro Pardo como presidente, representante legal do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES), como socio do proxecto,

D.Salvador Fernández Moreda como presidente, representante legal da Deputación Provincial da Coruña, como socio do proxecto,

D.José López Orozco como alcalde-presidente, representante legal do Concello de Lugo, como socio do proxecto,

D.Eduardo García-Rodeja Gayoso como vicerreitor de Investigación, representante legal da Universidade de Santiago de Compostela, como socio do proxecto,

Dr.Manuel José Magalhaes Gomes Mota como vicerreitor, representante legal da Universidade de Minho, como socio do proxecto,

D.José Ramón Urquijo Goltia como director do Instituto de Historia, representante legal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), como socio do proxecto,

VISTO o Regulamento (CE) n.1260/1999 do Consello do 21 de xuño de 1999 polo que se establecen as disposicións xerais sobre Fondos Estruturais, que contempla no artigo 20 a Interreg como unha das iniciativas comunitarias destinatarias de financiamento a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o artigo 21 que establece que a Comisión adoptará para cada iniciativa as orientacións nas que se describan os obxectivos, o ámbito de aplicación e as modalidades adecuadas de aplicación,

VISTA a Comunicación da Comisión aos Estados membros C(2000) 143/08 do 28 de abril de 2000, que establece as orientacións da iniciativa Comunitaria Interreg III e, en concreto, o anexo 1, onde se fai mención ás zonas subvencionábeis no capítulo A e que para o Programa “España – Portugal” son: Badajoz, Cáceres, Huelva, Ourense, Pontevedra, Salamanca e Zamora en España, e Alentejo Central, Algarve, Alto Alentejo, Alto Tras-os-Montes, Baixo Alentejo, Beira Interior Norte, Beira Interior Sul, Cavado, Douro e Minho-Lima en Portugal,

VISTO o Programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España-Portugal, aprobado pola Comisión Europea mediante a decisión C(2001) 4127 do 19 de decembro de 2001, que define os obxectivos e as finalidades da cooperación entre as rexións subvencionábeis,

VISTA a convocatoria aprobada polo Comité de Seguimento do Programa na súa reunión do día 26 de setembro de 2003 e pola cal se establecen as modalidades de presentación dos proxectos para o seu financiamento con cargo ao PIC Interreg III A España-Portugal,

CONSIDERANDO que os asinantes do presente convenio redactaron de forma conxunta o proxecto VÍAS ATLÁNTICAS para o cal solicitan financiamento con cargo ao PIC Interreg III A España-Portugal, e en concreto no seu eixe 2 e medida 4,

CONSIDERANDO que segundo a Comunicación C(2000) 143/08 anteriormente citada, en o seu punto 31, no caso de operacións que impliquen socios de diferentes estados membros, o beneficiario final será o interlocutor responsábel da operación (xefe de Fila), o cal será o encargado da xestión financeira e da coordinación dos diversos interlocutores da operación. Así mesmo asumirá a responsabilidade financeira e xurídica perante a autoridade de xestión.O xefe de Fila establecerá cos seus socios, se é o caso en forma de acordo, o reparto das responsabilidades no marco da operación,

CONSIDERANDO que o Programa da iniciativa Comunitaria Interreg III A España-Portugal no seu epígrafe 5.4.1 prevé a sinatura dun acordo que regule as relacións entre os socios e o xefe de Fila dos proxectos,

## **CONVEÑEN:**

### **ARTIGO 1 – OBXECTO**

O presente convenio define as modalidades de cooperación entre as partes asinantes e determina as súas responsabilidades respectivas na execución do proxecto de cooperación transfronteiriza denominado: VÍAS ATLÁNTICAS cuxo contido foi aprobado por todos os socios.

A solicitude de financiamento público con cargo ao eixe 2, medida 4, a ficha do proxecto e os seus respectivos anexos forman parte do presente convenio.

O proxecto prevé un custo total elixíbel de 1.670.640 €.

### **ARTIGO 2- DESIGNACIÓN DO XEFE DE FILA**

Os socios de común acordo designan á Deputación de Pontevedra como xefe de Fila, sendo este o responsábel do proxecto perante a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Pagamento e coordinando o traballo dos demais socios.

### **ARTIGO 3 – OBRIGAS DO XEFE DE FILA<sup>1</sup>**

O xefe de Fila presenta, en nome de todos os socios, a solicitude de subvención comunitaria para realizar o proxecto mencionado no artigo 1 e comprométese a:

- responder, mentres que referente único de conformidade co resto dos socios ás solicitudes de información ou de modificación que puidese requirir a Autoridade de Xestión do Programa,
- comunicarlles aos demais socios os resultados da instrución e as decisións adoptadas polo Comité ou Subcomité de Xestión competente,
- comunicarlle á Autoridade de Xestión as decisións e modificacións adoptadas polo conxunto dos socios,
- velar pola posta en marcha e a execución do proxecto conforme ao exposto na ficha de proxecto, respectando os prazos previstos,
- informar á Autoridade de Xestión da posta en marcha do proxecto,

---

<sup>1</sup> A comunicación entre o xefe de Fila e Autoridade de Xestión serán canalizadas a través do Secretariado Técnico Conxunto correspondente

- solicitarlles os pagamentos intermedios e final da axuda FEDER, transferíndolles ao resto dos socios, o antes posíbel, a parte que lles corresponda en cada caso,
- garantir perante a autoridade de Xestión a dispoñibilidade dunha contabilidade separada para a operación cofinanciada,
- fornecer, á Autoridade de Xestión información periódica de avance físico, administrativo e financeiro, no formato que sexa necesario para a implementación do sistema de seguimento,
- conservar e ter dispoñíbel os tres anos seguintes ao pagamento do saldo relativo á intervención, todos os xustificantes (orixinais ou copias certificadas conformes) relativos aos gastos e aos controis correspondentes, en previsión de solicitudes por parte da Comisión, da Autoridade de Xestión ou da Autoridade de Pagamento, conforme ao artigo 38 epígrafe 6 do regulamento 1260/99,

#### **ARTIGO 4 – OBRIGAS DOS SOCIOS DO PROXECTO**

Os socios aceptan a coordinación técnica, administrativa e financeira do xefe de Fila co fin de facilitar as súas obrigas ante as Autoridades de Xestión e de Pagamento. Ademais comprométense a:

- contestar rapidamente ás solicitudes de información, así como facilitar os documentos necesarios para a instrución,
- comunicar a súa aceptación das decisións e eventuais modificacións que poida adoptar o Comité ou Subcomité de Xestión competente e que lle sexan comunicadas ao xefe de Fila,
- executar as actividades que lles son asignadas na ficha de proxecto nos prazos propostos,
- transmitirle ao xefe de Fila información periódica de avance físico, administrativo e financeiro de cara á alimentación do sistema de seguimento,
- enviarlle ao xefe de Fila as certificacións de gastos con vistas á solicitude dos pagamentos intermedios e final,
- enviarlle ao xefe de Fila a documentación correspondente á execución do proxecto,
- facilitar a documentación necesaria para os controis de execución do proxecto e a certificación de gastos.

#### **ARTIGO 5 – ESTRUTURA DO PARTICIPADO**

O xefe de Fila e os restantes socios garantirán o sistema de seguimento do proxecto a través da estrutura de participado que se expón na ficha de proxecto.

## ARTIGO 6 – OBRIGAS FINANCEIRAS DO XEFE DE FILA E DOS SOCIOS

O xefe de Fila e os demais socios comprométense a:

- levar unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto, tanto para o financiamento FEDER como para as correspondentes contrapartidas,
- conservar unha copia de toda a documentación relativa á execución do proxecto,
- aceptar o control dos servizos comunitarios competentes e das administracións que cofinancien o proxecto, en todo o relativo á execución do proxecto e á utilización das subvencións concedidas.

## ARTIGO 7 – CADRO FINANCEIRO DO PROXECTO

O xefe de Fila e os demais socios dan por válido o cadro financeiro que se inclúe na ficha de proxecto e no cal se indica que o custo total elixíbel do proxecto será de 1.670.640 €, dos cales 1.253.000 € se solicitan como axuda FEDER (completar cadro financeiro).

	Achega comunitaria FEDER	Taxa FEDER	Contrapartida pública nacional				Fondos privados	Custo total Elexible	Custo Total	% Total
			Estatatal	Regional	Local	Otros				
Xefe de Fila D.P. Pontevedra	180.000 €	75%			60.000 €			240.000 €	240.000 €	14,37%
Socio 1 C.M. Braga	40.000 €	75%			13.330 €			53.330 €	53.330 €	3,19 %
Socio 2 C.M. Vila Verde	70.000 €	75%			23.330 €			93.330 €	93.330 €	5,59%
Socio 3 M. Ponte de Lima	40.000 €	75%			13.330 €			53.330 €	53.330 €	3,19%
Socio 4 M. Paredes de Coura	70.000 €	75%			23.330 €			93.330 €	93.330 €	5,59%
Socio 5 M. Valença	70.000 €	75%			23.330 €			93.330 €	93.330 €	5,59%
Socio 6 INLUDES	150.000 €	75%			50.000 €			200.000 €	200.000 €	11,97%
Socio 7 D.P. Acoruña	270.000 €	75%			90.000 €			360.000 €	360.000 €	21,55%
Socio 8 Conc. Lugo	270.000 €	75%			90.000 €			360.000 €	360.000 €	21,55%
Socio 9 U. Santiago	50.000 €	75%			16.660 €			66.660 €	66.660 €	3,99%
Socio 10 U. Minho	25.000 €	75%			8.330 €			33.330 €	33.330 €	2,00%
Socio 11 CSIC	18.000 €	75%			6.000 €			24.000 €	24.000 €	1,44 %
Total	1.253.000 €				417.640 €			1.670.640 €	1.670.640 €	100%
% Total	75%				25%			100%	100% <sup>a</sup>	100%

## ARTIGO 8 – CIRCUÍTO FINANCEIRO FEDER

O xefe de Fila é o responsábel da xestión da conta bancaria na cal a Autoridade de Pagamento ingresará a totalidade dos pagamentos FEDER correspondentes ás certificacións de gastos/anticipos que presente o xefe de Fila en nome do participado. Unha vez se reciban os pagamentos correspondentes á axuda FEDER, o xefe de Fila transferiralle a cada socio, sobre a base dos gastos certificados/plan financeiro, a parte correspondente do reembolso/anticipo efectuado pola Autoridade de Pagamento.

#### **ARTIGO 9 – COFINANCIAMENTO NACIONAL**

O cofinanciamento nacional -público e privado- correspondente á axuda FEDER outorgada está garantida da forma que queda recollida na ficha de proxecto, no apartado 5.6.

#### **ARTIGO 10 – REEMBOLSO DAS SUBVENCÍONS PÚBLICAS**

Cada un dos socios será responsábel da non execución total ou parcial das actividades que lle son atribuídas na ficha de proxecto, así como da atribución da axuda comunitaria a gastos non previstos no proxecto. Serán, así mesmo, responsábeis do reembolso das subvencións públicas que recibisen e que non se utilizasen para satisfacer gastos previstos no proxecto.

Se o socio é privado, engadiralle ao presente convenio unha garantía bancaria que cubra o total da axuda pública que solicita.

#### **ARTIGO 11 – XESTIÓN DE CONFLITOS NO MARCO DO PARTICIPADO**

É responsabilidade do participado formado polos socios tratar os litixios entre socios, incluíndo os que puidese existir entre os socios e o xefe de Fila. Se, pese a todo, as diferenzas non poden solucionarse no seo do participado, transferirase o litixio á Autoridade de Xestión, que o examinará en estreita colaboración co Comité de Xestión Conxunto do Programa.

#### **ARTIGO 12 – CONTENCIOSOS**

Este convenio réxese segundo a lexislación vixente no país onde se encontre a sede social do xefe de Fila, coa salvidade das disposicións do acordo sobre as leis aplicábeis ás obrigas contractuais 80/934/CEE asinado en Roma o 19 de xuño de 1980. O tribunal competente será o correspondente á sede social do xefe de Fila.

#### **ARTIGO 13 – VIXENCIA DO ACORDO**

A vixencia deste convenio está condicionada para todos os efectos á aprobación da candidatura do proxecto para o seu financiamento no marco do Programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España-Portugal.

Toda modificación deste convenio durante a execución do proxecto deberá ser aprobada polo Comité de Xestión Conxunto e comunidade por escrito á Autoridade de Xestión de forma previa á súa aplicación.

**ANEXO II**  
**ACORDO ENTRE AUTORIDADE DE XESTIÓN E XEFE DE FILA**

ENTRE D. José Antonio Zamora Rodríguez, Director xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda de España, en calidade de representante da Autoridade de Xestión do Programa Interreg III A España-Portugal.

E D.Rafael Louzán Abal, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, en calidade de xefe de Fila do proxecto VÍAS ATLÁNTICAS

VISTO o Regulamento (CE) nº 1260/1999 do Consello de 21 de xuño de 1999, polo que se establecen as disposicións xerais sobre Fondos Estruturais, que contempla no artigo 20 Interreg como unha das iniciativas Comunitarias destinatarias de financiamento a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o artigo 21 que establece que a Comisión Europea adoptará para cada iniciativa as orientacións nas que se describan os obxectivos, o ámbito de aplicación e as modalidades adecuadas de aplicación,

VISTA a Comunicación da Comisión aos Estados Membros C(2000) 143/08 do 28 de abril de 2000, que establece as orientacións da iniciativa Comunitaria Interreg III e, en concreto, o anexo 1, onde se fai mención ás zonas subvencionábeis no capítulo A e que para o Programa “España – Portugal” son: Badajoz, Cáceres, Huelva, Ourense, Pontevedra, Salamanca e Zamora en España, e Alentejo Central, Algarve, Alto Alentejo, Alto Tras-os-Montes, Baixo Alentejo, Beira Interior Norte, Beira Interior Sul, Cavado, Douro e Minho-Lima en Portugal.

VISTO o Programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España – Portugal, aprobado pola Comisión Europea mediante a decisión C(2001) 4127, de 19 de decembro de 2001, que define os obxectivos e as finalidades da cooperación entre as rexións subvencionábeis,

CONSIDERANDO que o Regulamento 1260/1999 anteriormente citado prevé no seu artigo 9, puntos n e o, a existencia dunha Autoridade de Xestión e unha Autoridade de Pagamento, responsábeis da aplicación de cada un dos programas cofinanciados cos Fondos Estruturais.

CONSIDERANDO que as autoridades nacionais de España e Portugal, responsábeis do Programa de Iniciativa Comunitaria Interreg III A España-Portugal, decidiron de común acordo confiar á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda de España o papel de Autoridade de Xestión do Programa, conforme ao Regulamento 1260/1999,



CONSIDERANDO que segundo a Comunicación C(2000) 143/08 anteriormente citada, no seu punto 31, no caso de operacións que impliquen socios de diferentes estados membros, o beneficiario final (xefe de Fila) será o interlocutor responsábel da operación e o encargado da xestión financeira e da coordinación dos restantes socios da operación. Así mesmo, o xefe de Fila asumirá a responsabilidade financeira e xurídica perante a Autoridade de Xestión.

CONSIDERANDO que o Programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España-Portugal no seu epígrafe 5.4.1 prevé a sinatura dun documento que fixe o proxecto financeiro do proxecto, os importes de participación comunitaria e as demais condicións de execución e acompañamento do proxecto a que está obrigado o xefe de Fila.

CONSIDERANDO que o Subcomité de Xestión do Subprograma, mediante decisión de 14 de xullo de 2004 aprobou o proxecto denominado VÍAS ATLÁNTICAS presentado polo Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social en calidade de xefe de Fila.

CONSIDERANDO que, posteriormente a esta aprobación, o Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social presentou renuncia á xefatura de Fila de VÍAS ATLÁNTICAS, xefatura que mediante Acordo entre socios (Anexo 4) o asumiu a Deputación Provincial de Pontevedra.

ACORDAN:

## **ARTIGO 1 – OBXECTO DO DOCUMENTO**

O presente acordo ten por obxecto establecer as condicións de execución do proxecto VÍAS ATLÁNTICAS aprobado por decisión do 14 de xullo de 2004 do Subcomité de Xestión e presentado pola Deputación Provincial de Pontevedra en calidade de xefe de Fila en participado cos seguintes socios:

- Socio 1: Cámara Municipal de Braga
- Socio 2: Cámara Municipal de Vila Verde
- Socio 3: Cámara Municipal de Ponte de Lima
- Socio 4: Cámara Municipal de Paredes de Coura
- Socio 5: Cámara Municipal de Valença
- Socio 6: Instituto Lucense do Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES)
- Socio 7: Deputación Provincial da Coruña
- Socio 8: Concello de Lugo
- Socio 9: Universidade de Santiago de Compostela
- Socio 10: Universidade de Minho
- Socio 11: Consello Superior de Investigacións Científicas

Os seguintes documentos, que figuran anexos, forman parte integrante do presente acordo:

- Decisión de 14 de xullo de 2004 do Subcomité de Xestión (anexo 1).
- Ficha de proxecto que inclúe o seu plan financeiro (anexo 2).
- Datos bancarios do xefe de fila, que inclúe a garantía bancaria se se trata dunha entidade privada (anexo 3).
- Acordo entre os socios do proxecto para a constitución do participado (anexo 4).

## **ARTIGO 2 – EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

O xefe de Fila é o responsábel do desenvolvemento das actividades previstas no anexo 2, segundo as fases, procedementos e prazos que nel se detallan.

O xefe de Fila deberá informar á Autoridade de Xestión de calquera modificación -aprobada por todos os socios por unanimidade- das actividades programadas, seguindo para iso os procedementos descritos no artigo 6 deste acordo.

## **ARTIGO 3 – DURACIÓN**

Este acordo será válido a partir da data da sinatura e concluirá o día 31 de decembro de 2005, conforme á data prevista para a conclusión das actividades do proxecto, indicada no anexo 2.

O xefe de Fila deberá informar á Autoridade de Xestión de forma inmediata de calquera demora respecto ao calendario previsto nas actividades dun ou varios socios. Poderase acordar, en tal caso, unha prórroga na data para a conclusión das actividades, ampliando o período de validez deste acordo. Este proceso levarase a cabo conforme queda descrito no artigo 6.

## **ARTIGO 4 – OBRIGAS DO XEFE DE FILA <sup>2</sup>**

No marco do presente proxecto, o xefe de Fila:

- é o responsábel da coordinación xeral do proxecto, así como da súa xestión económica e financeira,
- representa de común acordo a todos os socios do proxecto nas comunicacións coa Autoridade de Xestión, a Autoridade de Pagamento e demais organismos competentes, así como no que poida requirir directamente a Comisión Europea,

---

<sup>2</sup> A comunicación entre xefe de Fila e Autoridade de Xestión serán canalizadas a través do Secretariado Técnico Conxunto correspondente.

- é a entidade beneficiaria do financiamento FEDER con cargo ao Programa Interreg III A, España-Portugal, e con tal fin asina o presente acordo de aceptación da axuda comunitaria e das obrigas que iso implica,
- comprométese a respectar o acordo asinado entre os socios do proxecto (anexo 4), que regula as relacións entre eles. Toda modificación de dito acordo durante a execución do proxecto deberá ser aprobada polo Comité de Xestión do Programa e comunicada á Autoridade de Xestión antes da súa aplicación efectiva.
- xestiona a contabilidade conxunta do proxecto e recibe a documentación contábel de cada un dos socios, de conformidade co Regulamento 438/2001 que desenvolve a aplicación do Regulamento (CE) 1260/1999 do Consello no relativo aos sistemas de xestión e control das actuacións financiadas cos Fondos Estruturais,
- asegura que cada socio leve unha contabilidade separada da súa participación no proxecto,
- é o responsábel, en caso necesario, de comunicarlle á Autoridade de Xestión calquera cambio no orzamento do proxecto,
- é o responsábel de cubrir e de enviarlle á Autoridade de Xestión os informes periódicos de avance, dos informes intermedios de actividade, do informe final de actividade, dos documentos de seguimento financeiro e das solicitudes de pagamentos intermedios e final. A Comisión Europea, a Autoridade de Xestión e o resto dos organismos competentes, poderán solicitar en todo momento información complementaria que deberá ser remitida nun prazo de 30 días naturais,
- acepta os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian o proxecto.

## **ARTIGO 5 – PROXECTO FINANCEIRO DO PROXECTO**

O custo total do proxecto para o período de vixencia do presente acordo é de 1.670.840 euros. A contribución comunitaria (FEDER) a el é de 1.253.000 euros.

O xefe de Fila declara ter verificado a garantía de cofinanciamento nacional de cada socio, incluíndo a súa propia, quedando da seguinte maneira:

Xefe de Fila	Deputación Provincial de Pontevedra	Euros	60.000,00
Socio 1:	Cámara Municipal de Braga	Euros	13.330,00
Socio 2:	Cámara Municipal de Vila Verde	Euros	3.330,00
Socio 3:	Cámara Municipal de Ponte de Lima	Euros	13.330,00
Socio 4:	Cámara Municipal de Paredes de Coura	Euros	23.330,00
Socio 5:	Cámara Municipal de Valença	Euros	23.330,00
Socio 6:	Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico		

	E Social	Euros	50.000,00
Socio 7:	Deputación Provincial da Coruña	Euros	90.000,00
Socio 8:	Concello de Lugo	Euros	90.000,00
Socio 9:	Universidade de Santiago	Euros	16.660,00
Socio 10:	Universidade de Minho	Euros	8.330,00
Socio 11:	Consello Superior de Investigacións Científicas	Euros	6.000,00

A información financeira detallada do proxecto inclúese na Ficha de proxecto (anexo 2) e constitúe unha parte integrante do presente acordo.

## **ARTIGO 6 – MODIFICACIÓNS**

Toda modificación do proxecto que supoña:

- cambios no custo total do proxecto,
- cambios na natureza do proxecto e, concretamente, na finalidade, resultados esperados e/ou composición do participado,
- unha ampliación do prazo previsto para concluír as actividades previstas,

requerirá unha nova aprobación do proxecto por parte do Comité de Xestión Conxunto. O informe de solicitude de modificación deberá estar en posesión da Autoridade de Xestión polo menos 60 días antes da data na que se prevé realizar ditas modificacións.

## **ARTIGO 7 – PAGAMENTOS**

A contribución comunitaria estará destinada exclusivamente ao pagamento dos gastos efectivamente realizados de acordo ao proxecto financeiro da Ficha de proxecto (anexo 2).

Os pagamentos efectuaranse a medida que se fagan efectivas as transferencias de fondos por parte da Comisión. En caso de demora por parte da Comisión, o Xefe de Fila non terá ningún dereito de reclamación fronte á Autoridade de Xestión.

O xefe de Fila debe xustificar todas as súas solicitudes de pagamentos mediante a demostración do avance da execución do proxecto. Así pois, as solicitudes de pagamentos incluírán os informes de execución que xustificarán as certificacións de gastos que se presenten. Cada informe incluírá unha relación de todas as accións do proxecto executadas durante o período que corresponda á solicitude de pagamento. Os informes de execución deberán permitir valorar o cumprimento dos obxectivos, os medios utilizados para a execución, a relación entre os resultados previstos e os obtidos e o uso que se está a facer dos recursos financeiros. O informe de avance incluírá un proxecto de execución da seguinte fase do proxecto. A Comisión, a Autoridade de Xestión e os demais organismos competentes, poderán solicitar información complementaria en calquera momento, debendo fornecerse nun prazo máximo de 30 días.

Os socios deberán enviarlle ao xefe de Fila as súas correspondentes certificacións de gastos, sen as cales os pagamentos intermedios e final non serán efectuados. O Xefe de Fila, pola súa parte, deberá comprobar as certificacións e engadilas ás solicitudes de pagamento que envíe á Autoridade de Xestión.

O xefe de Fila poderá presentar solicitudes de pagamento perante a Autoridade de Xestión –segundo o modelo subministrado para o efecto- varias veces ao ano, se ben se recomenda agrupar as solicitudes con base cuatrimestral segundo o seguinte calendario anual:

- antes do 1 de febreiro,
- antes do 1 de xuño,
- antes do 1 de outubro.

Desta forma garántese que todos os pagamentos da Comisión Europea se carguen ao exercicio financeiro corrente.

Os pagamentos serán efectuados segundo a orde de presentación das demandas –efectuadas segundo o modelo facilitado para iso e acompañadas dun informe de avance- nun prazo de dous meses a partir da súa recepción e logo da aceptación previa da documentación remitida.

Os xefes de Fila deben presentar unha primeira solicitude de pagamento de cofinanciamento de FEDER baseada en gastos debidamente certificados, nun prazo máximo de 6 meses dende a data da sinatura da notificación efectuada pola respectiva antena do Secretariado Técnico Conxunto.

Poderase conceder un anticipo de axuda FEDER mediante solicitude dirixida á Autoridade de Xestión e presentada polo Xefe de Fila perante a respectiva antena do Secretariado Técnico Conxunto, a cal deberá verificar a súa conformidade.

O anticipo non poderá ser superior ao 7% do total de axuda FEDER aprobada, e está condicionada por:

- as disponibilidades de tesourería da Autoridade de Pagamento,
- cumprimento por parte do xefe de Fila das condicións fixadas para o anticipo de FEDER na primeira convocatoria, se é que o solicitase,
- a existencia dun acordo entre os socios sobre as condicións de mobilización do anticipo,
- a presentación da solicitude no prazo máximo de 30 días despois da data de sinatura do presente Acordo.

Coa presentación da solicitude de anticipo, o xefe de Fila comprométese a presentar a primeira solicitude de pagamento ata o 30/11/04, baseado en certificacións de gasto por un montante mínimo do 50% do total de axuda FEDER programado na primeira anualidade do proxecto.

O anticipo é compensado con certificacións de gasto ao final dos pagamentos intermedios.

Os pagamentos efectuaranse na conta bancaria 2080-0401-88-0040184522 tal e como queda recollido no anexo 3 cuberto polo xefe de Fila.

## **ARTIGO 8 – ANULACIÓN DO ACORDO**

O xefe de Fila, tras a consulta previa a todos os socios, poderá anular o presente acordo en calquera momento mediante un aviso previo remitido á Autoridade de Xestión con dous meses de antelación. Neste caso, o xefe de Fila e os socios perderán o dereito a recibir a parte do cofinanciamento FEDER que estivese pendente de pagamento. A Autoridade de Xestión poderá solicitar o reembolso total ou parcial das sumas xa achegadas da axuda comunitaria, se así o considera oportuno.

En casos excepcionais e debidamente xustificados, a Autoridade de Xestión poderá pór fin ao presente acordo mediante un aviso remitido con dous meses de antelación ao xefe de Fila. O xefe de Fila e o resto dos socios perderán o dereito a recibir o cofinanciamento FEDER pendente e non recibirán ningún tipo de indemnización por iso.

A Autoridade de Xestión, co acordo do Subcomité de Xestión, resérvase o dereito de cancelar o presente acordo, sen aviso previo nin indemnización pola súa parte, nos casos seguintes:

1. Falta de cumprimento por parte do xefe de Fila das obrigas que se lle atribúen no artigo 4 deste acordo, sempre e cando esta falta non estea xustificada e o xefe de Fila non a emende nun prazo de trinta días –salvo casos excepcionais debidamente xustificados-, dende que reciba un aviso por parte da Autoridade de Xestión.
2. Quebra ou insolvencia do xefe de Fila se esta é unha entidade privada.
3. Constatación de declaracións falsas no momento da sinatura do presente acordo.
4. Constatación de falsidade nos documentos achegados á sinatura do presente acordo.
5. Non presentación dunha primeira solicitude de pagamento de cofinanciamento de FEDER, baseada en gastos debidamente certificados, nun prazo máximo de 6 meses –salvo casos excepcionais, debidamente xustificados e aprobados polo Subcomité de Xestión.

6. Non presentación dos informes de execución de gastos nun prazo de trinta días –salvo casos excepcionais debidamente xustificados- desde a súa solicitude por parte da Autoridade de Xestión, tal e como queda definido no artigo 7.
7. Incumprimento das obrigas recollidas no artigo 6.

De forma previa ou alternativa á anulación do acordo prevista neste artigo, a Autoridade de Xestión pode suspender os pagamentos de forma cautelar sen aviso previo, así como proceder á compensación do anticipo de FEDER no primeiro pedido de pagamento a título de reembolso, en caso de incumprimento polo xefe de Fila das condicións fixadas.

En caso de cancelación do acordo sen aviso previo, o xefe de Fila deberá reintegrar a totalidade da axuda FEDER recibida nun prazo dun mes a partir da data na que se lle curse a pertinente solicitude por parte da Autoridade de Pagamento. Os intereses que se aplicarán serán os vixentes segundo a lei aplicábel. Cada estado membro será responsábel dos incumprimentos en que incorran os socios do seu país.

## **ARTIGO 9 – DISPOSICIÓNS FINAIS**

Os cambios do presente acordo e/ou os seus anexos deberán remitirse por escrito á Autoridade de Xestión e ser obxecto dunha acta específica.

As modificacións de enderezos e contas bancarias unicamente requirirán a correspondente comunicación.

Os cambios de conta bancaria deberán mencionarse nas subsecuentes solicitudes de pagamento.

Toda comunicación dirixida á Autoridade de Xestión remitirase ao seguinte enderezo:

Dirección Xeral de Fondos Comunitarios  
Ministerio de Economía e Facenda  
Paseo de la Castellana 162, 3ª planta  
28071 Madrid-España

## ACTUACIÓN DE CONTROL

### Sr. Presidente

Non habendo nada, eu quixera tamén unirme ás palabras do portavoz do grupo popular, para lle agradecer ao Sr. Noceda os seus traballos na Deputación durante este mandato. Dicirlle que conta co afecto, co agarimo, co aprecio e coa amizade de todos.

### Sr. Noceda Lamela

Simplemente aproveitar xa que durante este ano non tiven moitas intervencións na Deputación, pero si como dicía o meu amigo Carlos, espero que isto non sexa un punto final, senón que sexa un punto e seguido, espero que durante o tempo que estiven aquí, polo menos ese graíño de area deixase no sentimento de todos e para min, de verdade, que foi unha honra coñecer a todos os deputados que hoxe están aquí na Deputación. Espero, dende o meu labor dende o Concello de Carnota, quizais sexa un pouco máis pesado agora, virei máis pola Deputación, pero para pedir, se cadra, máis cousas que durante esta época vin como hai que facer o traballo e como hai que realizalo, e creo que a Costa da Morte ten que darlle as grazas á Deputación, non só ao presidente que está agora, senón aos outros presidentes que estiveron aquí, comezando por Lendoiro e, como non, a Torres Colomer, que sempre tiveron a Costa da Morte presente e a dinamización turística que se está a facer na Costa da Morte é para realzar un pouquiño máis do que nós temos alí de beleza que, de verdade, todos cando pasedes por Carnota, cando pasedes pola Costa da Morte, ides quedar impresionados co que temos alí. Convidaos a pasar pola nosa costa, e eu, repito, estou moi contento de coñecervos a todos. Grazas.

(Aplausos)

Ao non haber máis asuntos dos que tratar remátase a sesión sendo as doce horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.